

OS INTÉRPRETES

José Vicente Faus Faus

É timbaleiro da Real Filharmonía de Galicia e profesor de percusión da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. É membro do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC). Colabora con orquestras como a Orquesta Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Orquesta del Principado de Asturias, Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música, Orquesta de Cadaqués e Orquesta Ciudad de Granada, entre outras.

Saúl Canosa Insua

É profesor de clarinete do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela e clarinete solista do Taller Atlántico Contemporáneo, actividade que compaxina con colaboracións con orquestras como a Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia ou a Orquesta Nacional de España.

Inicia os seus estudos musicais na Escola Municipal de Música de Xove e remátaos no Conservatorio Superior de Música da Coruña, tendo formado parte ademáis da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia y da Joven Orquesta Nacional de España. En paralelo, obtén a licenciatura en Historia na Universidade de Santiago de Compostela.

VIII CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO



CONCERTO

A MAXIA DOS SONS



Domingo 13 de decembro de 2020

18:00 h.

Museo Interactivo da Historia de Lugo

Este concerto establece un diálogo entre diferentes compositores do ámbito americano, xa que todas as obras presentes nel pertencen a creadores oriúndos deste continente ou que cursaron estudos nas súas universidades. Así, poderase escoitar unha interlocución na que tomarán a palabra ecos do jazz e de diferentes culturas sonoras populares, así como outras manifestacións estéticas relacionadas coa música experimental deste continente.

PROGRAMA

- **Phillip Parker** Five Bagatelles (1987) *clarinete, marimba e vibráfono*
- **John L. Heins** Sonata (1985) *clarinete e percusión*
- **Fernando Buide** Reversos (2010) *clarinete e vibráfono*
- **Salvador Brontóns** Subtle Dialogues Op. 50 (1999) *clarinete baixo e percusión*
- **Murray Houllif** Five for Two (2002) *clarinete e percusión*
- **William A.R. May** Impromptu (2008) *clarinete e percusión*

Dúo Saúl Canosa - José Vicente Faus *clarinete e percusión*

OS COMPOSITORES

Phillip Parker

Ensina percusión y teoría da música na Universidade de Arkansas. Gañou dous premios de composición na *National Flute Association*. Asimesmo, recibiu un premio como compositor distinguido da MTNA en 2013. Foi compositor residente na Fort Smith Symphony.

John L. Heins

Estudou na universidades de Montana e Colorado. A súa produción compositiva inclúe obras para banda sinfónica e orquestra, así como numerosas obras para piano e música de cámara. Foi descrito por Alan Hovhaness como “un dos compositores máis talentosos e brillantes do noso tempo”.

As súas composicións foron publicadas por C. F. Peters, Southern Music, KJOS Music e Ars Nova Music.

Fernando Buide del Real

A música de Fernando Buide ten sido programada por formacións sinfónicas como Pittsburgh, Minnesota, Yale, Suzhou así como as principais orquestras españolas. En España recibiu encargos da Orquestra Nacional de España, a Jonde, a Sinfónica de Galicia ou a Real Filharmonía de Galicia. Traballou con directores como Libor Pések, Osmo Vänskä, Dima Slobodeniouk, Jaime Martín, Rossen Milanov, José Ramón Encinar, Martínez Izquierdo, Miguel Hart-Bedoya, Pablo González, Rubén Gimeno, Diego García, Lorenzo Viotti, Clemens Schuldt ou Paul Daniel. Foi compositor en residencia da Real Academia de España en Roma e recentemente compositor convidado da Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias. En Galicia ten colaborado con algunhas das principais formacións camerísticas como Zoar Ensemble, Talle Atlántico Contemporáneo, Ensemble s21, Ensemble Siglo XX ou o grupo Música Práctica (do que é membro fundador).

O pasado ano estreou a súa primeira ópera, *A amnesia de Clío*, sobre un libreto do dramaturgo Fernando Epelde. A dirección musical correu a cargo de Paul Daniel e a escénica foi dirixida por Marta Pazos, nunha produción da compañía Voadora; o reparto estivo encabezado por Raquel Lojendio, Marina Pardo e Sebastián Peris.

Doctor pola Universidade de Yale, estudou tamén na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh así como nos conservatorios de Oviedo e Santiago de Compostela, onde se formou como pianista, organista e compositor. Entre os seus mestres destacan Martin Brenick, Aaron Kernis ou Leonardo Balada.

Salvador Brotóns

Estudou no Conservatorio de Música de Barcelona. En 1985 gañou una bolsa de estudos Fullbright y marchou ós EEUU onde obtivo un doutorado en música pola Florida State University. Ten dirixido tanto en España como en EEUU e Europa. Actualmente, segue compaxinando unha intensa axenda como director de orquestra coa composición, levando a cabo numerosas

encomendas de obras de todo tipo de xéneros. É profesor de dirección e composición na Escola Superior de Música de Cataluña

Murray Houllif

Ten títulos da Universidade Estatal de New York en Potsdam (BS Music Education) e da Universidade Estatal de New York en Stony Brook (MM Percussion Performance).

Foi coordinador de percusión na Universidade Estatal do Norte de Texas en Denton. Foi director de banda e especialista en percusión nas escolas públicas de Smithtown (New York) durante 32 anos. Foi batería con Art Rollini e anteriormente coa banda de Benny Goodman.

Ten ó redor de publicacións pedagóxicas no seu haber, ademais de artigos para revistas como *Percussive Notes*, *Modern Drummer*, *The Instrumentalist*, *School Band and Orchestra Magazine* y *Music Educator's Journal*.

William A.R. May

Gañador do Concurso da Asociación Nacional de Profesores de Música 2009 para novos compositores. Actualmente, cursa estudos de composición na Universidade Estatal de Georgia. Ademais de componer, é orquestrador para música de cámara, orquestra, bandas, jazz band e coros gospel. William planea seguir unha carreira como compositor/arranxista nas áreas de música clásica, jazz, gospel e cine.

AS OBRAS

Five Bagatelles

- 1) Intrada
- 2) Nocturne
- 3) Waltz
- 4) Song
- 5) Reel

Sonata para clarinete e percusión

- 1) Allegro moderato
- 2) Andante
- 3) Un Vivo

Reversos

Esta obra foi escrita orixinalmente para saxo barítono e vibráfono, aínda que nesta ocasión preséntase unha versión para clarinete e vibráfono. O clarinete e vibráfono representan dous mundos tímbricos aparentemente opostos: o vento, onde o instrumentista ten control do son durante toda a súa emisión, fronte a percusión; o rexitro grave fronte ao agudo; a resonancia do vibráfono fronte ao son do clarinete que se interrompe ao deixar de soprar; o monofónico fronte ao polifónico. Non obstante, ámbolos dous instrumentos poden establecer pontes que os acerquen; o vibráfono pode adquirir unha cualidade case vocal e o saxo tornarse moi percusivo. Reversos plantexa un movemento de tempo vivo e animado, onde ambos instrumentos enuncian xestos musicais enfrontados pero que por momentos converxen e atopan unha única voz. Cada instrumento convértese no reverso do outro, converxendo nunha única narrativa.

Subtle dialogs

Obra escrita nun só movemento, pero que consta de dous temas ben diferenciados. Un máis lento e íntimo e un segundo moito máis rítmico. Entre os dous establécese un diálogo subxacente no que interveñen os dous instrumentos.

Five for Two

- 1) Lento
- 2) Moderato
- 3) Allegro
- 4) Tranquilo e libremente

5) Misterioso – Allegro – Leggiero

Impromptu

Peza con influencias do jazz.